

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE****Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Resolución de 26 de xuño de 2002, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 366 que afecta ó monte "De Pando", do lugar de Pando, parroquia de Torea, concello de Muros:

"Reunido o 26 de xuño de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente da Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 366
Monte: De Pando
Comunidade: Pando
Parroquia: Torea
Concello: Muros

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar de Pando, parroquia de Torea, concello de Muros, solicitaron deste Xurado, con data 05.05.2000, a calificación como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado, e que ten as seguintes características:

Superficie: 106,00 Ha.
Lindeiros:

Procede do monte Calvos e outros, nº 110 do C.U.P.

NORTE: Co monte do lugar de Riomao, do piquete 241 do deslindamento do monte Calvos e outros, ata o Coto Fray Mariño, cercano ao piquete 257, deste ao Coto Ventureira, entre os piquetes 36 e 37, e daqui segue a orde de piquetes ata o piquete 45. LESTE: Co Rego de San Lourenzo, do piquete 45 ao 50 seguindo a orde de piquetes. Co monte de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazos, desde un punto cercano ao piquete 50, seguindo aproximadamente unha liña recta en dirección Sur, pasando pola Laxe da Pendente, daqui vai á Casa Cabalar ou

Outeiros Cabalares, á cercana Fonte Insuela, e segue ata un punto na liña do deslindamento, próximo ao piquete 73. SUR: Propiedades particulares de veciños de Pando, do punto cercano ao piquete 73, ata o 74, e déste ao 123, seguindo a orde de piquetes. OESTE: Propiedades particulares de veciños de Pando, do piquete 123 ao 241, seguindo a orde de piquetes.

29. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 10.05.2001, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor a Juan Ramón Beneyto Bellas, que aceptou expresamente dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Muros, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 173 de 06.09.2001), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

39. Os veciños de Pando fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que veñen aproveitando en réxime de comunidade e sin asignación de cotas, os monte de dito lugar. A tal efecto presentan acta de manifestacións ante notario de varios veciños de avanzada idade.

49. Ante este expediente formularon alegación os veciños de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, na parroquia de Abelleira. Reclaman a pertenza de parte do monte, fundamentando o seu recurso nos límites históricos da parroquia de Abelleira, aportando copia da transcripción do interrogatorio de data 31.10.1687, seguido por Don Domingo Lestón y Caamaño, Juez Real e da extinguida Jurisdicción de la Sierra, para apear e deslinda-los termos parroquiais, así como certificación dun documento suscrito por Pelayo Ventura de Moledo, Rector da fegresía de San Estebo de Abelleira e anexo San Xulián de Torea, cunha relación do ano 30.04.1979 na que figura a capela de San Lourenzo, enclavada no monte en cuestión.

59. Como consecuencia das contradicións entre as manifestacións realizadas por ambas partes durante o trámite de audiencia, o Xurado solicitou informe ao concello de Muros en relación aos límites entre comunidades, e outro ao Servicio de Montes sobre as posibles reclamacións existentes no expediente de deslindamento. A dita petición non houbo resposta do concello, mentres que por parte do Servicio de Montes compareceu Inacio López da Osa, enxeñeiro encargado da sección de montes veciñais, que informou verbalmente ao Xurado, aportando copia das actas de apeo, relación das alegacións presentadas polos veciños, entre as que figura unha transcripción da carta foral do monte de Pando, e a resolución do deslindamento do monte Calvo e outros. Tales documentos incorporáronse ao expediente.

60. No mesmo trámite de audiencia de 29.05.2002, os veciños de Pando recoñeceron que unha parte do monte en cuestión é da pertenza dos veciños de Bornalle e outros, presentando croquis que se incorporou ao expediente.

70. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

10. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

20. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de Pando son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

30. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

40. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, o Xurado considera acreditada a natureza veciñal en man común do monte, atribuíndo a pertenza do mesmo ao lugar de Pando, na parroquia de Toreá, conforme aos antecedentes que figuran no Catálogo de Utilidade Pública xa desde o ano 1901, e ratificados no posterior expediente de deslindamento de 1968, no que os veciños de Pando comparecen no acto do apeo e presentan abundantes reclamacións, aportando incluso transcripción da carta foral de dito lugar. Do mesmo modo, os aproveitamentos no monte viñan realizándose polos veciños de Pando, daccordo co informe do Servicio de Montes obrante no expediente.

59. Non se acepta a alegación dos veciños de Bornalle e outros, posto que nos documentos relativos aos límites históricos parroquiais non hai referencias directas nin á pertenza nin aos aproveitamentos de tal comunidade. Tampouco hai intervención de veciños da parroquia de Abelleira no expediente de deslindamento do monte Calvos e outros.


60. Se modifican as características do monte de Pando recollidas no antecedente primeiro, conforme ao recoñecemento que teñen feito da pertenza de parte do monte Calvos e outros.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común o monte De Pando, de pertenza do lugar de Pando, parroquia de Torea, concello de Muros, coas características que figuran no antecedente primeiro desta resolución. Asimesmo, acordase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".


A Coruña, 12 de xullo de 2002.

Vo e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

A SECRETARÍA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López



